

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Acordo de declaración prohibición de contratar a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.

ANUNCIO

Con data 13 de marzo de 2024, adoptouse pola Xunta de Goberno Local o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe a continuación:

“Primeiro. Declarar a prohibición a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. con CIF nº A15352735, para contratar co Concello de Dodro durante un (1) ano contado dende a data de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, por ter dado lugar á resolución do contrato da obra “SANEAMENTO EN CANCELA ABREA”, formalizado o 27 de xaneiro do 2023 polo incumprimento culpable da contratista, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/11/2023.

Segundo. Publicar o acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificalo a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o acordo da Xunta de Goberno Local á Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Hacienda e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para os efectos do establecido no artigo 72 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto. Notificar o acordo da Xunta de Goberno Local ao Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos do establecido no artigo 73 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinto. Notificar o acordo da Xunta de Goberno Local a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A”

O acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Dodro, 25 de marzo de 2024

O alcalde accidental, (Res. Alcaldía 153/2024 do 22/03/2024)

Ramón Abuín Gómez

2024/2060